



I RAID DESAFÍO FERROL

21 de Maio 2011

Liga Galega de Raids



Comunidade Montes
de San Xurxo



A MI MADERA®



REGULAMENTOS:

O **I RAID DESAFÍO FERROL** é puntuable para a Liga galega de RAIDS de Aventura e está suxeito o regulamento da AGACO (www.agaco.es) e FEDO (www.fedo.org)

FORMATO DE EQUIPOS:

ELITE : Equipo de tres componentes sempre en competición e con asistencia.

AVENTURA : Dous compoñentes en competición e un en reserva/asistencia que poderá substituír os seus compañeiros nas transicións. Poderán levar unha persoa a maiores para a asistencia.

CHEGADA Ó LUGAR DE CONCENTRACIÓN:

Dende todas as direccións, ó achegarse a Ferrol, o mellor é incorporarse à autopista A9, que é gratuíta nos derradeiros quilómetros.

Continuar por ela ata a derradeira saída, sinalizada como “A MALATA”.

Unha vez collida esta saída, chegaremos a unha rotonda onde seguiremos de fronte. A 100 m á esquerda temos o aparcadoiro para as asistenciais e saída do RAID.

Esta parte final da autopista aparece na ortofoto como Acceso Norte.



ALOXAMENTO VENRES 20 DE MAIO:

Para aqueles equipos que necesiten un lugar onde pasala noite, a organización porá a súa disposición un local con chan duro, para o que deberán solicitalo con antelación. O lugar da pernocta será o local do Clube de Remo de Ferrol, situado na Cabana.

A saída está a só 5 minutos en coche.

Para chegar ó Clube de Remo, seguíde as indicacións para a chegar á saída, para logo continuar de fronte sen entrar ó aparcadoiro. Chegamos a unha segunda rotonda e collemos a segunda saída en dirección A Cabana. Continuamos por esta estrada ata chegar a unha costa moi empinada que comeza xunto a un túnel de acceso á instalacións militares.

O túnel queda a dereita da estrada e á esquerda está a entrada ó Clube de Remo, xusto o pé de esa costa.

Na ortofoto tedes a saída marcada cun círculo e o lugar da pernocta cun cadrado.



PROGRAMACIÓN DA PROBA:

PROGRAMACION	
Venres 20 de Maio	
21:00 a 22:00	Recepción dos equipos que desexen utilizar o chan duro Clube de Remo. A Cabana
Sábado 21 de Maio	
8:15 a 9:30	Entrega de documentación e dorsais xunto o aparcadoiro de asistencia. A Malata
9:30	Xuntanza técnica para aclaracións da proba. A Malata
10:00	Saída do RAID. A Malata
19:30	Hora de peche da última etapa do RAID. A Malata
20:15	Hora de peche do rapel (Categoría Aventura) e peche do RAID. A Malata
20:30	Entrega de trofeos e pinchos de confraternidade. A Malata

DESCRIPCIÓN DAS SECCIÓNIS:

O RAID consta das seguintes seccións:

1ª Sección - Carreira urbana:

Tipo: **SCORE**

Equipos elite: O terceiro integrante dos equipos elite poderá facer un rapel mentres os seus compañeiros fan a carreira e bonificar 15 minutos. Para chegar ó rapel terá que desprazarse correndo, pois este non está xunto a saída (se entregará mapa indicando situación). Non haberá neutralización e se rapelará por orden de chegada ó lugar do rapel.

2ª Sección - Kaiak + trekking:

Tipo: **LINEAL**

É unha etapa combinada das dúas disciplinas, sen asistencia no paso de unha a outra.

Na etapa de kayak haberá unha baliza somerxida. Un dos compoñentes deberá somerxerse entre 2 e 3 metros a picala.

3ª Seccion - Bicicleta de montaña:

Tipo: **SCORE**

4ª Sección - Trekking sobre mapa de orientación:

Tipo: **SCORE**

Esta sección faise cun mapa específico de orientación. No mapa teredes 19 balizas de distinto valor. Haberá unha puntuación máxima e na puntuación da etapa non se contrarán os decimais.

5ª sección - Bicicleta de montaña:


Tipo: **LINEAL**

Equipos aventura :Ó rematar esta etapa, un dos compoñentes poderá realizar un rapel que bonificará con 15 minutos ó seu equipo. Tamén se permitirá que o rapel o faga o raider que descansa nesta última etapa. Cando o seu equipo abandone a última transición terá que desprazarse no vehículo á meta, onde se lle informará do lugar do rapel. O rapel non conta para o peche da etapa (19:30), pero ten hora límite. (20:15). Non haberá neutralización en caso de ter que agardar turno.

Cadro resumen das seccións:

SECCIÓN	DISTANCIA	DESNIVEL POSITIVO	TEMPO MEDIO ESTIMADO
Carreira urbana + rapel (elite)	7 km	70 m	40´
Kaiak + trekking	9+10 km	350 m	3h
Bicicleta de montaña	32 km	900 m	2h 45´
Trekking orientación específica	7 km	200 m	1h
Bicicleta de montaña	13 km	300 m	1h 15´
Totais	78 km	1920 m	8h 40´

CROQUIS ETAPAS



TRANSICIÓN:

Tódolos cambios de sección realizaranse en dous lugares. Os equipos deberan mover o material nun vehículo entre ambos. Na categoría aventura poderá realizalo o terceiro integrante ou outra persoa.

A saída e chegada da primeira sección será no lugar de concentración. Unha vez os raiders saian nos kaiaks, as súas asistencias deberán mover o material ó lugar que se lles indicará nun mapa. Alí se farán o resto das etapas ata a derradeira sección na que se sairá cara à meta. (lugar de saída do RAID)
Unha vez os equipos saian cara a meta, as súas asistencias voltarán á meta tamén.

MATERIAL:

Obrigatorio por participante:

- 1 manta térmica.
- 1 recipiente de bebida de un litro ou mais de capacidade.

Obrigatorio por equipo:

- 1 Asubío e coñecer o código morse de SOS (...---...)
- 1 Teléfono móbil co nº PIN (caso de telo) pegado por fora. So poderá ser usado en caso de emerxencia. O seu uso noutras circunstancias suporá a descalificación do equipo.
- Botiquín con venda, esparadrapo e antiséptico.

Obrigatorio por disciplina:

- KAIK: Chaleco salvavidas, pala e kajak (facilitado pola organización). *Se recomendan gafas de buceo ou de piscina para a baliza submarina.*
- RAPEL: 1 arnés, 1 mosquetón de seguridade para o descensor, descensor (ocho, reverso, stop o similar) e autoseguro (nudo autoblocante ou shunt e o correspondente mosquetón de seguridade), casco (vale o de bicicleta) e luvas largas.
- BICICLETA DE MONTAÑA: Bicicleta e casco homologado por compoñente. Kit de reparacións por equipo (Tronchacadeas, chaves allen, cámara de reposto,...).
- TREKKING: Non hai material específico.

O casco de bicicleta e chaleco salvavidas e o material do rapel considéranse material de seguridade e deben levarse postos onde se requiran. A súa omisión implicará a imposibilidade de seguir ou a descalificación.

MAPAS:

No mapa IGN 1:25000 (utilizado nas seccións 2, 3 e 5) realizouse un traballo de actualización de pistas, camiños e sendeiros.

Non obstante, a recente construción dunha estrada que atravesa o concello, requiriu a realización de importantes desmontes de terreo, os cales non se actualizaron nas curvas de nivel do mapa. Isto ten como consecuencia que a ambos lados da estrada haxa zonas con importantes terrapléns que non se indican no mapa.

A Organización considera que a falta de actualización do mapa neste sentido non ten maior impacto na elección do recorrido das seccións afectadas.

PREMIOS:

ELITE Os tres primeiros clasificados e ó primeiro mixto.

AVENTURA..... Os tres primeiros clasificados e ó primeiro mixto.

INFORMACIÓN E INSCRIPCIONS:

Web : www.clubmontanaferrol.com . E-mail : raidscmf@gmail.com

Descargar o formulario de inscricións e seguir as instrucións.

Custo de inscrición: 54€ por equipo, mais 3€ por cada participante non federado en RAIDs pola FEDO.